



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### O Deporte como Medio Integrador

Materia	O Deporte como Medio Integrador			
Código	P02M081V02105			
Titulación	Máster Universitario en Necesidades específicas de apoio educativo			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	García Soidan, José Luís			
Profesorado	García Soidan, José Luís			
Correo-e	jlsoidan@uvigo.es			
Web	<a href="http://masterapoioeducativo.webs.uvigo.es/">http://masterapoioeducativo.webs.uvigo.es/</a>			
Descrición xeral	Os distintos deportes poden ser vehículos integradores socio-educativos, mediante a participación e o desenvolvemento de "todas" as persoas, ademais de ser un fenómeno cultural e un medio global de comunicación e expresión de xénero, raza e idade. Por outra banda as persoas con discapacidade ou con enfermidades dexenerativas, atoparon no deporte adaptado unha forma adecuada de participación e integración social motivante, a través do desenvolvemento de programas e campañas de promoción e práctica adaptada de distintos deportes.			

## Competencias

Código	
B1	Saber aplicar os coñecementos adquiridos sobre o funcionamento dos procesos neuropsicolóxicos e a resposta organizativa de centro e servizos de apoio en contornas con poboacións con dificultades de aprendizaxe e trastornos do desenvolvemento, así como no deporte de base e na actividade física para poboacións especiais.
B2	Sintetizar os coñecementos adquiridos sobre avaliación e intervención, resposta organizativa de centro e os servizos de apoio e integralos nos contextos de aprendizaxe do estudante, o deporte de base, así como da actividade física para poboacións especiais, a saúde e a calidade de vida, sen discriminación de xénero, de clase, nin de etnia.
B3	Diseñar sistemas de asesoramento e de intervención educativa tendo en conta a resposta organizativa do centro, as metodoloxías e as TIC para a inclusión escolar, así como o deporte adaptado, a actividade física para persoas con distintas discapacidades, o exercicio físico, a saúde e a calidade de vida.
B4	Xeneralizar a distintos contextos e situacións o coñecemento, as destrezas adquiridas, axustando as habilidades pertinentes que as conforman. Todo iso con criterios de non discriminación de xénero e respecto dos valores democráticos.
C1	Saber aplicar sistemas de avaliación e intervención á determinación das necesidades educativas especiais dos estudantes con discapacidade intelectual, motriz e sensorial; de dificultades de aprendizaxe derivadas do contexto sociocultural, de discriminación por razóns de xénero, clase, e etnia e de dificultades de aprendizaxe específicas (lectura, escritura e cálculo), delimitando ámbitos prioritarios de actuación e os apoios requiridos para promover a aprendizaxe significativa e relevante.
C2	Saber detectar e analizar posibles barreiras para o acceso ao currículo, a aprendizaxe e a participación do alumnado con necesidades educativas especiais e problemas de aprendizaxe.
C3	Coñecer os sistemas adecuados para intervir na mellora da competencia persoal do alumnado naqueles ámbitos do seu desenvolvemento psicolóxico, social, de actividade física e deportivo que poidan relacionarse cas súas necesidades educativas especiais.
C4	Xerar destrezas para aprender a diseñar, en colaboración co profesorado de aula, plans de traballo individualizado para o alumnado con necesidades educativas específicas integrados na resposta organizativa do centro e nos servizos de apoio, utilizando as TIC e favorecidos por actividades de deporte adaptado e que potencien actividades de saúde e calidade de vida.
C6	Saber avaliar as implicacións do uso de diferentes respostas educativas ante os problemas derivados da atención á diversidade.

D4	Propoñer iniciativas, xerar ideas novas e adaptarse a situacións diversas con flexibilidade.
D5	Capacidade de organización, planificación e autoevaluación.
D6	Traballar en grupo e desenvolver actitudes de participación e colaboración.
D7	Comunicar con eficacia o coñecemento obtido, de forma oral e escrita, tanto a persoas non expertas como a outros especialistas, utilizando os recursos persoais e apoiándose nas tecnoloxías da información e da comunicación.
D8	Recoñecemento da diversidade e da multiculturalidade.
D9	Actuar con coherencia, responsabilidade e rigor, mantendo un compromiso ético.

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Coñecer os deportes que permitan dar resposta ás necesidades educativas especiais, para utilizalos como medio integrador.	B1 B2 B3 B4	C1 C3 C4	D4 D5 D6 D8
Aplicar metodoloxías inclusivas adaptadas aos deportes, para que permitan unha maior integración e faciliten a aprendizaxe dos nenos con necesidades educativas especiais.	B2 B4	C3 C4 C6	D4 D5 D8 D9
Organizar e centrar a temática e os materiais de aula relacionados coa actividade deportiva, dirixida á integración educativa de nenos con capacidades diferentes, nas aulas das institucións escolares.	B1 B2 B3 B4	C1 C2 C4 C6	D4 D5 D6 D7 D8 D9
Deseñar programas de intervención deportiva baseados en metodoloxías creativas e flexibles segundo as discapacidade do neno.	B1 B2 B3 B4	C1 C2 C3 C4 C6	D4 D5 D6 D7 D8 D9
Avaliar os resultados dos programas de intervención deportiva, deseñados con metodoloxías inclusivas, a persoas con necesidades educativas especiais.	B2	C1 C6	D5 D6

## Contidos

Tema	
1. Valoración das metodoloxías inclusivas desde o principio da comprensividade nas aulas.	1.1. Deporte individual adaptado. 1.2. Deporte colectivo adaptado.
2. Análise das intervencións deportivas en necesidades específicas de apoio educativo desde metodoloxías curriculares e organizativas de inclusión escolar.	2.1. Deportes en espazos pechados. 2.2. Deportes en espazos abertos.
3. Deseño da intervención en termos de proxectos de melloramento de prácticas deportivas en persoas con discapacidade.	3.1. Clasificación dos participantes en categorías. 3.2. Organizacións de deporte adaptado e tipos de competicións.
4. Elaboración e avaliación de resultados de implementación desas metodoloxías.	4.1. Técnicas de medición de resultados. 4.2. Criterios de progresión.
5. Informe, discusión e difusión dos resultados e conclusións obtidas.	5.1. Elaboración de informes de resultados para os distintos deportes.
6. Discusión e xeneralización de boas prácticas deportivas.	6.1. O Deporte Limpo. As boas prácticas deportivas e os riscos para a saúde.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	8	10	18
Traballo tutelado	4	20	24
Traballos de aula	3	30	33

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

Descrición
------------

Lección maxistral	O profesor fará unha presentación estruturada dos contidos relacionados co deporte e a discapacidade, estudos de caso e diferentes tipos de materiais, coa finalidade de facilitar información organizada que permita a comprensión dos contidos. O profesor elaborará un guion facilitador coa correspondente exposición verbal e visual, dos contidos propostos na guía docente.
Traballo tutelado	O profesor distribúe ao alumnado en grupos e a cada un asígnalle un tipo de discapacidade diferente, para que deseñen un programa deportivo inclusivo e integrador. Deberán explicar os obxectivos, materiais, programa e a avaliación que farán de devandito programa deportivo.
Traballos de aula	Deseño de proxectos deportivos integradores na aula, propostos polo profesor. Plantexaránse distintos entornos educativos para diferentes discapacidades, e o alumnado distribuído en grupos deberá dar respoita ás propostas, debatindo en grupo e utilizando a bibliografía suxerida polo profesor u outra que se encontre nas diferentes bases de datos. Ao rematar haberá debate, comunicación e discusión, entre os distintos grupos, das solucións que se atopen.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos de aula	Orientación sobre contidos e actividades expostas sobre a materia e resolución de dúbidas sobre contidos teóricos ou actividades prácticas.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Lección maxistral	O profesor proporá contidos relacionados co deporte e a discapacidade na aula, para que o alumnado interveña en clase, achegando solucións orixinais, de forma individual ou colectiva.	20	B1 B2 B3 B4	C3 C4 C6	D4 D5 D6 D7
Traballo tutelado	O profesor distribúe ao alumnado en grupos de 1 a 2 alumnos/as e a cada un asígnalle un tipo de discapacidade diferente, para que deseñen un programa deportivo inclusivo e integrador. Deberán explicar os obxectivos, materiais, programa e a avaliación que farán de devandito programa deportivo.	40	B1 B2 B3 B4	C1 C2 C3 C4 C6	D4 D5 D6 D7 D8 D9
Traballos de aula	Avaliación dos exercicios ou proxectos realizados na aula e/ou das actividades autónomas do estudante. Realización de traballos en grupos de 3 a 4 alumnos.	40	B1 B2 B3 B4	C1 C2 C3 C4	D6 D7 D8 C6

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Este máster non ten a modalidade de ensino non presencial, por tanto a asistencia a clase e a realización dos traballos de aula son obrigatorios para a avaliación continua.

Esta asistencia debe ser, polo menos, do 80% estando admitido faltar ao 20% da presencialidad. Para superar a materia será necesario que os estudantes obteñan en cada proba ou actividade obxecto de avaliación como mínimo o 50% da cualificación nese apartado.

Aqueles estudantes que non superen algunha das probas ou actividades poderán presentarse á avaliación do primeiro cuatrimestre, que se celebrará no período oficial establecido, acorde ao programa da materia.

Haberá unha segunda convocatoria no mes de xullo na que se avaliarán as competencias non adquiridas polo estudante durante o curso académico.

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

- Barbieri, Aldo, **Deporte y recreación accesibles: plena accesibilidad para personas con capacidades diferentes**, 1, 2007
- Blasco, Josefa., **Metodologías de investigación en las ciencias de la actividad física y el deporte: ampliando horizontes** ., 1, 2007
- Sanz Rivas D., **ACTIVIDADES FÍSICAS Y DEPORTES ADAPTADOS PARA PERSONAS CON DISCAPACIDAD**, 1, 2012
- Consejo Superior de Deportes, **Violencia, deporte y reinserción social**, 1, 2007
- Cumellas Riera, Montserrat, **Discapacidades motoras y sensoriales en Primaria: la inclusión del alumnado en Educación Física : 181 juegos adaptados. Unidad Didáctica : deporte adaptado**, 1, 2006
- Escudero Escorza, T, **La construcción de la investigación evaluativa : El aporte desde la educación**, 1, 2011

Jiménez Martín, Pedro, **Manual de estrategias de intervención en actividad física, deporte y valores**, 1, 2008

La Caixa: Obra Social, **Deporte, salud y calidad de vida**, 1, 2009

Mishchenko, Victor, **Fisiología del deportista : (bases científicas de la preparación, fatiga y recuperación de los sistemas funcionales del organismo de los deportistas de alto nivel)**, 1, 1995

Santos, J.A. y Balibrea, E., **Mujer, deporte y exclusión: experiencias europeas de inserción por el deporte**, 1, 2005

---

### **Bibliografía Complementaria**

---

---

### **Recomendacións**

---

### **Materias que continúan o temario**

---

(\*)/

---

---

### **Outros comentarios**

---

RECOMÉNDASE:

- A asistencia á primeira sesión de clase para poder coñecer os obxectivos da materia, a planificación xeral e as opcións de avaliación da mesma.

- A asistencia continuada ás sesións de clases e ás titorías para poder seguir o desenvolvemento da materia por parte dos estudantes

- O uso continuado da plataforma virtual na que se recollen actividades, orientacións e criterios de avaliación para o correcto desenvolvemento da materia.

---